

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MAR

ORDE do 22 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2022 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades pesqueiras sustentables mediante a recollida de residuos mariños, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE209F).

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, sinala nos seus artigos 1 e 2 que esta lei ten por obxecto a regulación, no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, entre outras materias, da adopción de medidas de conservación, protección e rexeneración dos recursos mariños vivos e que a política pesqueira galega ten por finalidade a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos.

Así mesmo, o Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, sinala no artigo 5, que o FEMP contribuirá, para o período 2014-2020, a fomentar unha pesca e unha acuicultura competitivas, ambientalmente sustentables, economicamente viables e socialmente responsables. No artigo 6 establece as prioridades do fondo, concretamente no punto 1, letra b), o obxectivo específico de protección e a recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

Segundo as liñas marcadas pola Comisión Ospar, enténdese o lixo mariño como calquera material sólido que foi deliberadamente vertido ou perdido non intencionadamente nas praias e nas costas ou no mar, incluídos materiais transportados ao medio mariño desde terra a través dos ríos, sistemas de drenaxe ou de verteduras de augas residuais ou polo vento. Inclúe calquera material sólido persistente, manufacturado ou procesado.

O lixo mariño pódese atopar aboiando na superficie, entre augas, depositado no fondo ou acumulado na costa. Se atendemos ao material, o lixo pode clasificarse en plástico



(bolsas, envoltorios, botes, botellas, restos de artes de pesca), metal, madeira, cristal/vidro, goma, cerámica e papel/cartón. A maioría dos residuos flotantes son elementos ou pezas de plástico, mentres que no leito mariño, ademais de plásticos, tamén se rexistra vidro, obxectos metálicos, compoñentes non plásticos de artes de pesca, obxectos voluminosos, entre outros.

Existen evidencias dos impactos negativos que o lixo mariño exerce nos ecosistemas mariños, que se acaban reflectindo en maior ou en menor medida nas actividades que dependen deste medio. De especial importancia son os impactos ecolóxicos, os económicos e os sociais. Ademais dos correspondentes efectos negativos na biodiversidade do medio, tamén pode dar lugar a perdas económicas no sector pesqueiro e marisqueiro.

O sector pesqueiro galego consta dun total 4.335 embarcacións incluídas na terceira lista (datos en 16 de abril de 2021), o 96,17 % dos cales están incluídos no caladoiro nacional Cantábrico Noroeste, e destaca polo seu número a frota de artes menores, cunha cifra de 3.862 barcos. Ademais, hai máis de 3.700 persoas mariscadoras a pé que explotan moluscos, percebe ou poliquetos.

O obxecto da presente orde consiste na elaboración e desenvolvemento de proxectos que teñan por obxecto protexer e recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños no marco de actividades pesqueiras sustentables, mediante a recollida de residuos mariños coa participación do sector produtor da pesca.

As actuacións incidirán na redución do lixo mariño facilitando que contribúan a protexer o seu medio de traballo e promover o papel fundamental das persoas pescadoras e mariscadoras como gardiás do mar, proporcionando coñecemento sobre o tipo, cantidades e distribución do lixo mariño. Con isto contribuírase a acadar os obxectivos da Directiva marco sobre estratexia mariña (DMEM) relativos ao descritor 10 (propiedades e cantidades de lixo mariño). Neste senso, cómpre lembrar que os plans de xestión de recursos marisqueiros inclúen aspectos ambientais que contribúen a varios descritores, entre eles o relativo ao lixo mariño.

O Plan MarLimpo, elaborado pola Consellería do Mar, pretende contribuír a acadar un ambiente costeiro e mariño limpo, saudable, produtivo e bioloxicamente diverso que satisfaga as necesidades a longo prazo das persoas. Con este plan espérase conseguir unha redución da cantidade de residuos existentes nas zonas costeiras e que o sector pesqueiro integre nas súas operativas boas prácticas que contribúan á protección do medio mariño e, polo tanto, á explotación sustentable dos seus recursos.



As axudas contribuirán ao logro do obxectivo específico (OE1.b) da protección e á recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas acuáticos. Está prevista no artigo 40, número 1, letra a), do citado Regulamento (UE) nº 508/2014, dentro da prioridade 1 (Fomentar unha pesca sustentable desde un punto de vista ambiental, eficiente no uso dos recursos, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento) do Programa operativo para España do FEMP para o período 2014-2020, aprobado pola Decisión de execución da Comisión C (2015) 8118 final do 13 de novembro de 2015, cunha porcentaxe de co-financiamento de fondos FEMP do 75 %.

Os investimentos realizados nos proxectos financiados por esta orde deben ser considerados non produtivos ao focalizarse na protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas mariños, non xerar un valor para a empresa e non buscar un maior valor na prestación dos servizos.

Con estas axudas poderán financiarse medidas de interese público de maior alcance que as medidas que emprendan normalmente, que contribúan á consecución dos obxectivos específicos en virtude da prioridade da Unión establecida no artigo 6, punto 1.b). Os proxectos velarán polo desenvolvemento sustentable das zonas de pesca e as operacións caracterizaranse polo interese colectivo dos seus membros e do público en xeral. Os beneficiarios serán entidades colectivas e poderán concorrer individual ou conxuntamente as confrarías de pescadores, organizacións de produtores, cooperativas do mar, asociacións de profesionais do sector e demais entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e constituídas por profesionais do sector. Tamén poden concorrer as organizacións non gobernamentais conxuntamente coas entidades mencionadas ou ben con grupos de acción local do sector pesqueiro. Neste último caso deberán existir acordos de colaboración con organizacións do sector pesqueiro.

Coa finalidade de acadar estes obxectivos, dítase esta orde a través da cal se establecen as bases reguladoras xerais, e a convocatoria para o ano 2022 de concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades pesqueiras sustentables.

Por outra banda, o artigo 1.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998 (DOG núm. 33, do 19 de febreiro) sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG núm. 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG núm. 209, do 29 de outubro), establece que os expedientes de gasto relativos a subvencións se poderán iniciar sempre que as necesidades que se teñan que sa-



tisfacer poidan ser razoablemente previstas anticipadamente no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia que corresponda ao exercicio orzamentario en que se vai materializar a contraprestación.

O artigo 3.3 estende expresamente esta posibilidade de tramitación anticipada aos expedientes relativos ás bases reguladoras ou convocatorias de axudas derivadas da aplicación de regulamentos comunitarios con financiamento procedente de fondos europeos, sempre que exista regulación das axudas pola Unión Europea ou de ámbito estatal ditada en desenvolvemento ou transposición dela e existan compromisos de financiamento destinados á aplicación das correspondentes medidas.

Por todo o antedito, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras xerais, e a convocatoria para o ano 2022 de concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades pesqueiras sustentables mediante a recollida de residuos mariños coa participación do sector da pesca.

O procedemento que regula a presente orde correspóndese co código PE209F da Guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia.

Artigo 2. *Marco normativo*

Para o outorgamento e execución destas subvencións atenderase ao disposto nas bases reguladoras establecidas nesta orde, así como nas normas seguintes:

a) Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento



Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.

b) Regulamento de execución (UE) nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

c) Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

d) Regulamento delegado (UE) nº 2015/531 da Comisión, do 24 de novembro de 2014, polo que se complementa o Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

e) Regulamento delegado (UE) nº 2015/2252 da Comisión, do 30 de setembro de 2015, polo que se refire ao período de inadmisibilidade das solicitudes de axuda do FEMP.

f) Regulamento delegado (UE) nº 1014/2014 da Comisión, do 22 de xullo de 2014, que complementa o Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, no relativo ao contido e construción dun sistema común de seguimento e avaliación das operacións financiadas no marco do FEMP.

g) Regulamento de execución (UE) nº 1242/2014 da Comisión, do 20 de novembro de 2014, polo que se establecen, de conformidade co Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, normas no que atinxe á presentación de datos acumulativos sobre operacións.

h) Regulamento de execución (UE) nº 1243/2014 da Comisión, do 20 de novembro de 2014, polo que se establecen, de conformidade co Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, normas sobre a información que deben enviar os Estados membros, así como sobre as necesidades de datos e das sinerxías entre as fontes potenciais de datos.

i) Regulamento delegado (UE) nº 288/2015 da Comisión, do 17 de decembro de 2014, que complementa o Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, no que respecta ao período de tempo e ás datas en relación coa inadmisibilidade das solicitudes.



j) Programa operativo para España do FEMP aprobado pola Decisión de execución da Comisión de 13 de novembro de 2015, e modificación aprobada pola Comisión en data 26 de abril de 2019.

k) Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

l) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

m) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

n) Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas súas posteriores modificacións.

ñ) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

o) Decreto 132/2006, do 27 de xullo, en materia de rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións.

p) Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

q) Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público, e outras medidas de reforma administrativa.

r) Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

s) Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

t) Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

u) Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.

v) Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.



w) Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Artigo 3. *Crédito orzamentario*

1. O crédito orzamentario para as solicitudes de axuda tramitadas durante o exercicio do ano 2022 e a plurianualidade asociada alcanza o importe dun millón de euros (1.000.000,00 euros), repartidos nas seguintes anualidades e partida orzamentaria:

Partida orzamentaria	Ano 2022	Ano 2023	Total
15.03.723C.780.2	600.000,00	400.000,00	1.000.000,00

Para o ano 2022 na partida orzamentaria sinalada, código de proxecto 2016 292, existe crédito adecuado e suficiente no proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia o día 18 de outubro de 2021.

2. Esta orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, e queda a concesión das subvencións sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

3. O importe consignado poderá ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, agás indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto, respectando sempre o disposto nos artigos 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei. En todo caso, a concesión das axudas estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

4. As porcentaxes de cofinanciamento das axudas son do 75 % con fondos FEMP e do 25 % con fondos da Comunidade Autónoma.

Artigo 4. *Beneficiarios*

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións:

a) As confrarías de pescadores, organizacións de produtores pesqueiros, e demais entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e constituídas por persoas pescadoras ou



mariscadoras, que teñan o ámbito territorial e a sede social na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) As organizacións non gobernamentais sen ánimo de lucro, con ámbito territorial ou de actuación que inclúa a Comunidade Autónoma de Galicia, conxuntamente coas entidades do sector da pesca mencionadas na letra anterior.

c) As organizacións non gobernamentais sen ánimo de lucro, con ámbito territorial ou de actuación que inclúa a Comunidade Autónoma de Galicia, conxuntamente cos grupos de acción local do sector pesqueiro recoñecidos pola Consellería do Mar, no marco do desenvolvemento sustentable das zonas de pesca do FEMP 2014-2020.

As entidades asinarán un acordo de colaboración con algunha das organizacións mencionadas na letra a) que reflecta a participación na recollida de lixo mariño, de embarcacións pesqueiras e persoas pescadoras ou persoas mariscadoras a pé.

No caso das organizacións non gobernamentais, a actividade en que consista o proxecto presentado para a solicitude de axuda deberá estar incluída nos fins dos seus estatutos.

2. Cando as actividades de recollida de residuos sexan realizadas no ámbito territorial dun plan de xestión de marisqueo polas embarcacións pesqueiras ou persoas mariscadoras a pé participantes nel, só poderán ser beneficiarias das subvencións as entidades do sector da pesca establecidas no artigo 4.1.a) e b) que sexan titulares dun plan de xestión. No caso do artigo 4.1.c) poderán ser beneficiarias as organizacións que asinen acordos de colaboración con entidades titulares do plan de xestión de marisqueo.

3. Non poderán obter a condición de beneficiaria aquelas entidades en que conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Os operadores que se encontren nalgún dos supostos establecidos no artigo 10 do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, durante todo o período de tempo previsto en aplicación deste.

b) As persoas sinaladas no artigo 10, parágrafos 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Ter sido sancionada coa imposibilidade de obter préstamos, subvencións ou axudas públicas, de acordo co previsto no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, e do título XIV da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.



4. As entidades sinaladas na letra a) do punto 1 poderán concorrer de xeito individual ou conxuntamente entre elas como unha agrupación de entidades, mentres que as entidades sinaladas nas letras b) e c) só poderán concorrer conxuntamente coas que se indican nas letras. As entidades que concorran conxuntamente, deberán facer constar expresamente na solicitude qué compromisos corresponderán a cada unha delas na execución das accións, así como o importe da subvención solicitada que corresponderá a cada unha delas. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, que será unha das entidades solicitantes, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que como beneficiaria lle corresponden á agrupación. Os compromisos de participación conxunta, así como o nomeamento de apoderado, deberán ratificarse mediante documento outorgado ante o órgano de xestión, unha vez notificada a concesión da axuda.

5. No caso de incumprimento por parte dunha agrupación de entidades, consideraranse responsables todos os beneficiarios integrados nela, en relación coas actividades subvencionadas que se comprometesen a realizar, ou solidariamente cando non for posible determinar o alcance das obrigas correspondentes a cada un deles.

6. A agrupación non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo establece o artigo 8 desta lei.

Artigo 5. *Obrigas dos beneficiarios*

1. Os beneficiarios, ao formalizaren a súa solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que se establecen nesta orde para a concesión e pagamento das subvencións, así como ao cumprimento dos requisitos estipulados na normativa de aplicación a estas.

2. Os beneficiarios deberán:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión, con cumprimento das condicións e prescricións establecidas nela, na orde de convocatoria e na demais normativa de aplicación, de forma que se poida realizar a comprobación documental e material deste.

b) Acreditar, mediante declaración responsable, que non teñen pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.



c) Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se encontran ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades para as cales se solicita axuda, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución ou a consecución dos fins para os cales foi concedida a axuda de que se trate.

e) Facilitar toda a información que lles sexa requirida en relación coas subvencións concedidas e someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a entidade concedente, así como aos órganos de fiscalización e control da Comunidade Autónoma, da Administración xeral do Estado e da Unión Europea.

f) Cumprir as condicións de admisión da solicitude do artigo 10.1 do Regulamento (UE) nº 508/2014 durante todo o período de execución da operación e durante un período de cinco anos despois da realización do pagamento final. Así, no caso de se detectaren infraccións ou fraudes en controis posteriores á concesión da axuda, e de conformidade co artigo 202 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, poderase proceder á recuperación da axuda aboada indebidamente.

g) Informar o público sobre a axuda obtida, dando adecuada publicidade con expresa mención á participación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e a súa porcentaxe de financiamento, nos seguintes termos:

O beneficiario debe recoñecer que a operación recibiu o apoio dos fondos; en todas as medidas de información e comunicación adoptará:

1º. O emblema da Unión, de conformidade coas características técnicas establecidas no Regulamento de execución (UE) nº 821/2014 e no Regulamento de execución (UE) nº 763/2014.

2º. Unha referencia ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) que apoia a operación.

3º. O logotipo da Xunta de Galicia e do Plan MarLimp, este último proporcionado pola Consellería do Mar.



Durante a realización da operación, o beneficiario informará ao público do apoio obtido dos fondos:

1º. Facendo unha breve descrición da operación no sitio da internet, no caso que dispoña dun, de maneira proporcionada ao nivel de apoio prestado, incluíndo os obxectivos e destacando o apoio financeiro do FEMP. A descrición deberá permanecer durante a execución do proxecto e, cando menos, ata a data do pagamento final da axuda.

2º. Colocando un cartel con información sobre o proxecto (tamaño mínimo A3), no cal se mencionará o apoio financeiro da UE, nun lugar facilmente visible para o público, como a entrada dun edificio.

Se o investimento consiste na adquisición de maquinaria ou elementos móbiles, a publicidade levarase a cabo mediante a colocación dun adhesivo perdurable.

h) Manter un sistema de contabilidade separado, ou ben asignar un código contable axeitado que permita coñecer todas as transaccións relacionadas coa operación que se subvenciona, co obxecto de facilitar a pista de auditoría, de acordo co artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

i) Proporcionar toda a información e datos necesarios para poder proceder ao seguimento e avaliación do programa operativo, de acordo co establecido no artigo 111 do Regulamento (UE) nº 508/2014, relativo ao FEMP.

j) Independentemente do sistema establecido para a xustificación da subvención, deberán manterse á disposición da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo os documentos xustificativos relativos aos gastos subvencionados durante un prazo de dous anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos da operación, para o cal será informado o beneficiario da data de inicio do período mencionado.

Os documentos conservaranse ou ben en forma de orixinais ou de copias compulsadas de orixinais, ou ben en soporte de datos comunmente aceptados, en especial versións electrónicas de documentos orixinais ou documentos existentes unicamente en versión electrónica.



k) No caso de subcontratación, non concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades afectadas polas situacións referidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

l) No caso de proxectos conxuntos, ratificar ante o órgano de xestión o acordo de colaboración para a execución do proxecto, unha vez notificada a concesión da axuda.

Artigo 6. *Proxectos obxecto de subvención*

1. Poderán ser obxecto de subvención, de conformidade con esta orde, os proxectos colectivos que se desenvolvan na Comunidade Autónoma de Galicia que teñan por obxecto protexer e recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños no marco de actividades pesqueiras sustentables mediante a recollida de residuos mariños coa participación do sector produtor da pesca.

Exclúense actuacións de recollida de residuos nos fondos mariños das dársenas dos portos.

Serán subvencionables as operacións relacionadas na letra a) do artigo 40.1 do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de maio de 2014, que inclúan algunhas das seguintes actividades recollidas no artigo 7.a) ao f) do Regulamento delegado (UE) nº 2015/531 da Comisión, do 24 de novembro de 2014:

a) A recolla do mar das artes de pesca perdidas destinada especialmente a combater a pesca fantasma.

b) A compra e, de ser o caso, a instalación a bordo de equipamentos para a recolla e almacenamento de lixo mariño.

c) A creación de sistemas de recolla de residuos para a participación dos pescadores, incentivos financeiros incluídos.

d) A compra e, de ser o caso, a instalación nos portos pesqueiros de equipamentos para o almacenamento e a reciclaxe de lixo mariño.

e) A comunicación, a información e as campañas de sensibilización para animar as persoas pescadoras ou mariscadoras a pé e outros interesados a participar en proxectos de recollida de artes de pesca perdidas.



f) A formación de persoas pescadoras ou mariscadoras a pé e de axentes portuarios.

2. Os proxectos contarán coa participación do sector produtor da pesca na recollida de residuos e poderán incluír as seguintes liñas de actuación:

a) Accións para reducir a cantidade de lixo mariño e mitigar a pesca pantasma mediante a implicación das embarcacións pesqueiras e persoas pescadoras e mariscadoras a pé, na súa recollida no mar ou no intermareal:

1º. Pesca de lixo activa polas embarcacións de pesca e persoas pescadoras ou mariscadoras a pé dirixida especificamente á retirada de lixo mariño ou artes de pesca perdidas.

As embarcacións pesqueiras figurarán no Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do Censo do caladoiro nacional Cantábrico Noroeste, na modalidade de artes menores, e estarán en posesión dun permiso de explotación en vigor.

As persoas mariscadoras a pé estarán en posesión dun permiso de explotación para o marisqueo a pé ou dun permiso de explotación a pé para recursos específicos, en vigor.

Dentro da pesca de lixo activa distínguense as seguintes accións:

i. Saídas específicas de embarcacións pesqueiras para a recollida de lixo mariño en zonas de acumulación.

ii. Saídas específicas de embarcacións pesqueiras para a recollida de aparellos de pesca perdidos (aparellos pantasma) no mar, en zonas de acumulación.

iii. Recollida específica polas persoas mariscadoras a pé de lixo mariño acumulado nas zonas de produción de recursos marisqueiros.

No caso da pesca de lixo activa, as embarcacións pesqueiras (persoas armadoras) poden recibir unha compensación económica pola recollida de lixo activa correspondente aos ingresos medios da actividade pesqueira da frota de artes menores no trienio 2018-2020, e en función da área xeográfica e arqueo. No caso das persoas mariscadoras a pé, a compensación terá en conta o nivel de ingresos medios da actividade no trienio 2018-2020, segundo a área xeográfica. As compensacións diarias figuran recollidas no anexo II.



Para o desenvolvemento das accións anteriores poderán incluírse, entre outros:

1) Estudos previos de localización de zonas de acumulación de lixo mariño ou artes de pesca perdidas, no caso da pesca activa de lixo.

2) Deseño de artefacto ou aparello específico de recollida de lixo mariño ou artes de pesca perdidas para desenvolver as actuacións recollidas nas epígrafes i e ii, e acondicionamento das embarcacións para a súa posta en marcha.

3) Elementos de apoio para a almacenaxe de residuos na zona de recollida durante as accións de pesca activa.

2º. Pesca de lixo pasiva polas embarcacións pesqueiras e persoas pescadoras que recollen os residuos que veñen a bordo nos aparellos durante os labores ordinarios de pesca, ou polas persoas mariscadores a pé durante a súa actividade normal de marisqueo.

As embarcacións pesqueiras figurarán no Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia no caladoiro nacional Cantábrico Noroeste en calquera das súas modalidades.

b) Accións para mellorar a concienciación ambiental, a formación e a colaboración entre os axentes marítimo-pesqueiros:

1º. Accións formativas ou de aprendizaxe relacionadas coa concienciación ambiental do sector e promoción de boas prácticas de manexo e xestión de residuos a bordo ou en terra, que axuden á redución das cantidades de lixo no mar e na costa.

2º. Elaboración de materiais educativos, de divulgación e sensibilización sobre a problemática do lixo mariño orientado aos axentes marítimo-pesqueiros, incluíndo exposicións como soporte para a educación e divulgación dirixido ás comunidades costeiras.

3º. Encontros que fomenten a colaboración entre os distintos axentes marítimo-pesqueiros.

4º. Ferramentas tecnolóxicas para o seguimento, a avaliación, a xestión, a difusión e a comunicación da información recollida.

c) Accións en terra para o almacenamento, o manexo, a clasificación, a caracterización, tratamento e reciclaxe de lixo mariño recollido, incluídas as artes de pesca perdidas:

1º. Adquisición de equipamento específico para a recepción, o almacenamento, o manexo, a clasificación e a caracterización de residuos mariños.



2º. Adquisición de equipamento específico para a reciclaxe de residuos mariños nos portos.

3º. Transporte de residuos mariños.

4º Custos de apoio para a realización manual da clasificación e valorización de lixo mariño, incluídas artes de pesca perdidas, na zona de depósito final.

d) Accións para a xestión de residuos mariños.

3. Condicións dos proxectos de pesca activa de lixo mariño, recollidos no ordinal 1º da letra a) do número 2 deste artigo:

1º. A pesca de lixo activa polas embarcacións pesqueiras e persoas pescadoras e persoas mariscadoras a pé realizarase entre luns e venres.

2º. A pesca activa de lixo mariño, incluídas artes de pesca perdidas, non se poderá simultanear no mesmo día coa actividade pesqueira ou marisqueira. Ademais, a recollida activa de lixo mariño por parte das persoas mariscadoras a pé realizarase os días en que exista un coeficiente de marea que permita o acceso á zona intermareal de produción de recursos.

3º. A pesca activa de lixo realizada por embarcacións coa modalidade de marisqueo ou recursos específicos, ou persoas mariscadoras a pé no ámbito territorial dun plan de xestión de marisqueo, requirirá que estean incluídas as limpezas como actividade de semi-cultivo no plan aprobado.

Para participar na recollida activa de lixo nas zonas afectadas por plans de xestión será imprescindible estar incluído no recurso correspondente.

4º. A xornada de traballo da actividade de recollida activa de lixo polas embarcacións pesqueiras e persoas pescadoras será dun mínimo de 6 horas, incluíndo desde o momento da saída en porto ata a descarga de residuos nel. A xornada de traballo no caso da recollida activa polas persoas mariscadoras a pé será dun mínimo de 4 horas, incluíndo desde o acceso á zona intermareal ata o seu depósito no lugar de acumulación correspondente.

4. Os proxectos serán técnica e economicamente viables.



5. Os proxectos que non cumpran os requisitos establecidos neste artigo non poderán ser obxecto de subvención e serán inadmitidos.

Artigo 7. *Requisitos técnicos dos proxectos*

Os requisitos técnicos dos proxectos previstos no artigo anterior son os seguintes:

1. Todos os proxectos incluírán algunha acción de formación ou sensibilización do sector ou axentes marítimo-pesqueiros implicados.

2. Os proxectos con actuacións en pesca activa de lixo mariño en zonas de acumulación, incluídas as artes de pesca, por parte das embarcacións pesqueiras e persoas pescadoras ou mariscadoras a pé incluírán un estudo de localización e identificación das zonas mariñas ou intermareais con acumulación de residuos, que conterá a identificación da zona e a súa localización.

3. As actuacións de pesca activa de lixo mariño, incluídas as artes de pesca perdidas, mediante artefacto ou aparello específico, requirirán de xustificación do método empregado en función das características e condicións da zona de traballo.

4. As actuacións de pesca pasiva e activa de lixo mariño, incluídas as artes de pesca perdidas, requirirán da designación dunha persoa física a que supervisará, polo menos, a recollida de residuos, a clasificación ou caracterización e os rexistros de información das actividades e resultados obtidos segundo o indicado no modelo da memoria.

5. Accións de clasificación ou caracterización dos residuos: rexistro das cantidades (en quilogramos) e tipos de residuos recollidos nas accións pasivas e activas de recollida de lixo polas embarcacións e persoas pescadoras ou mariscadoras a pé.

Os rexistros da información realizaranse empregando os modelos que figuran na web da Consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/>), en función do tipo de accións.

6. Os proxectos que presenten actuacións en terra para o almacenamento, manexo, clasificación, tratamento e reciclaxe de lixo mariño analizarán os equipamentos e infraestruturas existentes relacionados coa xestión de residuos no porto en que se realice a operación.



Artigo 8. Gastos subvencionables

1. Poderán concederse subvencións para os seguintes gastos, sempre que sexan necesarios para a execución dos proxectos referidos no artigo anterior:

a) Os de contratación de empresas, profesionais ou entidades prestadoras de servizos para realizar as actuacións para a consecución dos proxectos referidos no artigo anterior.

b) Compensacións económicas ás persoas armadoras das embarcacións pesqueiras e persoas mariscadoras a pé que realizan a recollida de residuos no suposto previsto no artigo 6.2.a).1º.

No caso da pesca activa de lixo mariño e artes de pesca perdidas, o beneficiario comunicarlle á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, cunha antelación mínima de 5 días hábiles, a programación das datas e a relación de embarcacións e persoas mariscadoras a pé previstas que realizarán as actuacións de pesca activa de lixo utilizando o anexo VII.

c) Os de adquisición de equipamento e material necesario para desenvolver os proxectos recollidos no artigo 6.

d) Os custos de persoal contratado especificamente para a execución das actividades do proxecto. O contrato laboral fará mención expresa ao proxecto e á súa dedicación.

Non se computarán as situacións retribuídas en que non se presta un servizo efectivo, como son as incapacidades temporais e, neste caso, excluírase tamén a parte proporcional das cotizacións á Seguridade Social que proceda.

A determinación dos custos de persoal farase con base no establecido no artigo 68 bis do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

Poderán aceptarse como gastos da operación, as axudas de custo por viaxe, aloxamento e manutención que estean directamente relacionadas co proxecto. Estes gastos aboaranse segundo as contías máximas que se establezan para o grupo 2º no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre axudas de custo para o persoal con destino na Administración autonómica de Galicia ou normativa que o substitúa.

e) Custos indirectos:

Enténdense por custos indirectos aqueles que, aínda que non poden vincularse directamente cunha actividade subvencionada, por teren carácter estrutural, resultan necesarios



para a súa realización, como gastos de oficina, administrativos, servizos básicos, subministracións (auga, electricidade, teléfono, gas), mantemento, etc. Os custos indirectos deben corresponder ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

Para o cálculo destes custos empregárase o método de financiamento a tipo fixo aplicando unha porcentaxe fixa do 7 % do gasto directo total subvencionable, segundo o artigo 181 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión.

Os gastos da subcontratación, de ser o caso, están excluídos da base dos custos directos para o cálculo dos custos indirectos.

As categorías de custos indirectos subvencionables, que se calcularán coa porcentaxe tipo fixo, non precisan de xustificación.

2. Os gastos subvencionables son os custos efectivamente asumidos polo receptor dunha subvención e que se axustan aos seguintes requisitos xerais:

- a) Que se efectuasen ao longo da duración da acción ou programa de traballo.
- b) Que se consignasen no orzamento estimado total do investimento.
- c) Que sexan necesarios para a execución das actuacións obxecto da subvención.
- d) Que sexan identificables e verificables, en particular, que consten na contabilidade do beneficiario e que se determinen de acordo coas normas contables e de conformidade coas prácticas contables habituais do beneficiario en materia de gastos.
- e) Que cumpran co disposto na lexislación fiscal e social aplicable.
- f) Que sexan razoables e xustificadas, e cumpran co principio de boa xestión financeira.

3. Os investimentos e gastos subvencionables para os cales se solicita a axuda non se poderán iniciar antes da data de presentación da solicitude da axuda.

Exceptúanse os custos dos estudos previos de localización de zonas de acumulación de lixo no caso da pesca activa, recollidos no artigo 6.2.a).1º.

O non inicio das actuacións acreditarase mediante declaración responsable de que os investimentos non foron iniciados.



Ademais, a non realización de investimentos con anterioridade á data de presentación da solicitude de axuda demostrárase mediante a data da factura correspondente ou contrato de traballo, no caso de custos de persoal.

Para os custos dos estudos previos de localización de zonas de acumulación, a factura poderá ser de data anterior a 6 meses do día de presentación da solicitude.

4. Cando o importe do gasto subvencionable (sen IVE) supere as contías establecidas para os contratos menores, segundo o establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos del sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse coa xustificación ou, de ser o caso, coa solicitude de subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Cando o importe do gasto subvencionable (sen IVE) non supere as contías establecidas no artigo 118 da Lei de contratos do sector público, aprobado pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, para o contrato menor, o solicitante deberá achegar unha oferta que avale o orzamento do proxecto.

5. O beneficiario poderá subcontratar a actividade subvencionada ata o 100 %, sempre tendo en conta as limitacións establecidas no artigo 27 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para realizar, por si mesmo, da actividade subvencionada.

Artigo 9. *Gastos non subvencionables*

Non serán subvencionables os gastos relativos:

- a) Aos alugueiros.
- b) Á adquisición de terreos e inmobles.



- c) Á adquisición de material, mobiliario e equipamento de oficina.
- d) A adquisición de vestiario e equipamento persoal para a pesca e marisqueo.
- e) Aos aparellos e materiais para a pesca e marisqueo.
- f) Aos gastos directos de funcionamento, mantemento e conservación dos bens e equipamentos. Tampouco serán subvencionables os gastos orixinados por obras que supoñan a substitución de elementos deteriorados, obras de mantemento e reparación.
- g) Aos custos de manutención, desprazamento de persoas e representación, agás os recollidos no artigo 8.1.d).
- h) Ao IVE, excepto cando non sexa recuperable e sexa custeado de forma efectiva e definitiva por beneficiarios que non teñan a condición de suxeito pasivo, de acordo coa definición do artigo 13, número 1, parágrafo primeiro da Directiva 2006/112/CE do Consello, do 28 de novembro, relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido.
- i) Aos pagamentos en metálico.
- j) Aos custos de persoal propio da entidade beneficiaria, agás os recollidos no artigo 8.1.d).
- k) Aos gastos de redacción de proxectos técnicos, agás os estudos previos de localización de zonas de acumulación de residuos.
- l) Aos investimentos realizados con carácter previo á presentación da solicitude de axuda, agás os estudos previos de localización de zonas de acumulación de residuos.
- m) Á adquisición de elementos de transporte.
- n) Ás contribucións en especie.
- ñ) Á limpeza específica de algas e argazos nos bancos marisqueiros.
- o) Á contratación entre beneficiarios para levar a cabo actividades ou servizos do proxecto, nin á autofacturación (facturas emitidas polo propio beneficiario da subvención).



p) Calquera gasto que, de acordo coa normativa aplicable, resulte ser non subvencionable.

Artigo 10. *Intensidade da axuda*

1. A porcentaxe máxima das axudas poderá acadar o 100 % do investimento subvencionado en cada unha das accións, de acordo co previsto na presente orde e segundo o indicado no Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, no seu artigo 95, condicionada, en todo caso, á dispoñibilidade orzamentaria.

A Comisión de Avaliación prevista no artigo 18 decidirá a aplicación do incremento de intensidade de axuda pública.

2. Os rendementos financeiros que se xeren polos fondos liberados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente á actividade subvencionada.

Artigo 11. *Compatibilidade da axuda*

1. As axudas recollidas nesta orde serán compatibles con calquera outra axuda, subvención ou recurso público e privado, sempre que o mesmo gasto ou investimento non teña financiamento parcial ou total procedente doutro fondo EIE ou instrumento financeiro comunitario, nin polo mesmo fondo conforme un programa ou medida diferente e, ademais, que o importe acumulado das axudas non exceda o custo da actividade subvencionada.

2. No suposto de que a suma de todas as axudas supere os ditos límites, procederase por resolución do órgano concedente á minoración da axuda concedida.

Artigo 12. *Prazos de presentación de solicitudes e de resolución*

1. Para a convocatoria de 2022 o prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

2. A resolución de concesión emitirase e notificaráselles aos interesados no prazo máximo de cinco (5) meses desde a publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.



O vencemento do prazo máximo indicado sen que se notifique a resolución posibilitará que os interesados poidan entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3. De non esgotarse o crédito dispoñible, ou de resultar incrementado este posteriormente en virtude de renunciacións, de modificación de resolucións de outorgamento ou de dotacións orzamentarias adicionais, poderase emitir unha nova proposta de resolución na cal se terán en conta as solicitudes que formen parte da listaxe de reserva a que se refire o artigo 21.2 desta orde.

Artigo 13. *Forma de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. O formulario normalizado correspóndese co anexo I desta orde. A presentación da solicitude nun formulario distinto será causa de inadmisión.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para presentar as solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Forma parte de cada solicitude a declaración responsable que contén esta e na cal se fan constar os seguintes aspectos:

a) Que cumpren os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

c) Que non se encontran en ningún dos supostos establecidos no número 1 do artigo 10 do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, é dicir:

1º. Non ter cometido infracción grave consonte o artigo 42 do Regulamento (CE) nº 1005/2008 ou o artigo 90.1 do Regulamento (CE) nº 1224/2009.



2º. Non ter estado involucrada na explotación, xestión ou propiedade de buques pesqueiros incluídos na lista de buques INDR da Unión, recollida no artigo 40.3 do Regulamento (CE) nº 1005/2008 ou de buques que enarboren pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes, segundo se establece no seu artigo 33.

3º. Non ter cometido infraccións graves da política pesqueira común (PPC).

4º. Non ter cometido fraude no marco do Fondo Europeo de Pesca (FEP) ou do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

d) Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Non ter sido sancionada coa imposibilidade de obter préstamos, subvencións ou axudas públicas, de acordo co previsto no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, e do título XIV da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.

f) O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes.

g) Que os investimentos non foron iniciados, agás os estudos previos de localización de zonas de acumulación de lixo no caso da pesca activa, recollidos no artigo 6.2.a).1º desta orde, de ser o caso.

h) Que se ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir co proxecto para o cal se solicita a axuda.

2. As solicitudes estarán asinadas polo representante legal da entidade solicitante. A presentación das solicitudes non asinadas polo representante legal será causa de inadmisión.

3. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o interesado non poderá modificar a súa petición de axuda variando o importe do investimento nin modificando os investimentos ou os conceptos da epígrafe do orzamento para os cales solicita a axuda. Non se considera variación do importe do investimento as diferencias ou erros materiais que se puidesen dar ao transcribir os importes dos orzamentos ou facturas *pro forma*.



Artigo 14. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación.

a) Documentación acreditativa da personalidade: certificación do órgano competente en que se acredite o desempeño actual do cargo por parte do asinante e se especifique o acordo polo cal se lle concede a esta autorización para formalizar a solicitude. Se actuase en virtude de atribucións fixadas nos estatutos, indicárase así na solicitude, e citarase a disposición que recolle a competencia.

b) Copia dos estatutos da entidade debidamente inscritos no rexistro correspondente. A actividade en que consista o proxecto presentado para a solicitude de axuda deberá estar incluída nos fins da persoa xurídica solicitante con anterioridade á data da solicitude.

Non será necesario achegar este documento cando xa conste nos arquivos da Consellería do Mar por telo presentado nun procedemento administrativo nos últimos cinco (5) anos. Neste caso, deberá indicarse o procedemento, a data de presentación e o órgano ante o cal se presentou.

Quedan exoneradas do cumprimento deste requisito as confrarías de pescadores e os grupos de acción local do sector pesqueiro.

c) Memoria do proxecto que permita determinar a súa viabilidade e realizar a valoración, conforme os criterios establecidos nos artigos 19 e 20 desta orde de bases reguladoras.

Para elaborar a memoria do proxecto que se xunta coa solicitude poderán consultarse os modelos na páxina web da Consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/>). A presentación dunha memoria en modelo diferente será causa de inadmisión.

A memoria do proxecto deberá conter, polo menos:

1º. Descrición da entidade: experiencia da entidade na xestión de proxectos financiados pola Unión Europea nos tres últimos anos naturais. Experiencia da entidade en proxectos relacionados co lixo mariño nos cinco últimos anos naturais. Equipo que a entidade vai destinar para a xestión do proxecto, concretando a persoa supervisora. Elementos que aseguran a capacidade técnica da entidade para realizar o proxecto.

2º. Explicación das necesidades que se pretenden cubrir e obxectivos perseguidos (xerais e específicos). Resultados que se pretenden obter coa implementación do proxecto. Explicar os grupos obxectivos que se beneficiarán dos resultados do proxecto.



3º. Descrición das liñas de actuación e accións segundo o establecido no artigo 6.2 desta orde e actividades que se pretenden acometer en cada unha delas.

Nas actuacións de recollida de lixo mariño, incluídas artes de pesca perdidas, seguindo un esquema activo ou pasivo ou retirada de artes, indicárase:

i. A caracterización da área de intervención en que se levarán a cabo as accións de limpeza: localización das zonas con indicación das coordenadas xeográficas dos vértices e especificación do medio intermareal ou submareal, morfoloxía, profundidade, tipo de hábitats existentes, etc. Indicarase si está situado nun lugar da Rede Natura 2000, nun espazo protexido ou nunha zona de especial interese para a cría de organismos mariños.

Cofecemento probado da existencia de residuos. No caso da pesca activa de residuos, estudo de localización e identificación das zonas de acumulación conforme a información do artigo 7.2 desta orde.

ii. Relación de embarcacións pesqueiras e persoas mariscadoras a pé que realizarán a recollida de lixo mariño ou mitigación da pesca pantasma. As relacións realizaranse para cada tipo de pesca (activa ou pasiva), de ser o caso.

iii. Plan de acción con indicación dos procesos e tarefas, dos axentes implicados, as súas responsabilidades, os protocolos de traballo, os medios para empregar, as actividades de transporte, almacenamento, manexo, clasificación, caracterización e reciclaxe, de ser o caso. Descrición do traballo que van a realizar as persoas pescadoras e mariscadoras na zona de recollida e no porto ou zona de depósito. Número de días de recollida. No caso da pesca activa, horario da xornada de recollida de lixo polas embarcacións e persoas mariscadoras. Planos do porto ou zona de depósito onde se efectuará o almacenamento de lixo mariño. Descrición do destino final do lixo recollido e se existe xestión de residuos.

No caso da pesca activa desde embarcación, xustificárase a elección do artefacto ou aparello específico empregado, en función das características e condicións da zona de traballo e da ausencia de impacto negativo no hábitat. Incluírase plano ou esbozo del.

iv. Descrición das entidades colaboradoras que prestarán apoio no proxecto e concreción das accións en que participarán (por exemplo, autoridades portuarias).



Nas actuacións formativas e de sensibilización incluírán unha descrición dos obxectivos, contidos, metodoloxía didáctica e programación. Descrición das accións de comunicación do proxecto.

Nas actuacións en terra de almacenamento, manexo, clasificación, tratamento e reciclaxe de lixo, descrición dos equipamentos e infraestruturas existentes no porto que serán empregados nas actuacións.

4º. Calendario de realización das accións previstas.

5º. Orzamento detallado de cada unha das accións propostas, no cal o IVE deberá vir separado. O orzamento da memoria deberá estruturarse en conceptos detallados e coincidentes cos orzamentos e facturas *pro forma*, agás no caso das compensacións ás embarcacións pesqueiras (persoas armadoras) e persoas mariscadoras a pé que realizan pesca de lixo activa, cuxo custo xa está determinado, e os custos indirectos.

De ser o caso, incluírase a relación de ofertas solicitadas e elixidas.

6º. Información relativa aos indicadores conforme o previsto no Regulamento de execución (UE) nº 1242/2014 e Regulamento de execución (UE) nº 1243/2014.

7º. No caso de proxectos conxuntos entre organizacións non gubernamentais e grupos de acción local do sector pesqueiro, acordo de colaboración con algunha das entidades mencionadas na letra a) do artigo 4.1 desta orde que reflecta a participación na recollida de lixo mariño, de embarcacións pesqueiras e persoas pescadoras ou persoas mariscadoras a pé.

8º. No caso de que o proxecto poida desenvolverse por fases susceptibles de producir efectos independentes, farase constar de xeito expreso e describirase cada unha delas por separado.

9º. Estudo económico-financeiro externo acreditativo da viabilidade económica do proxecto ou resultado da ferramenta de autoavaliación da viabilidade, que pode consultarse na páxina web da Consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/>).

d) Acreditación do IVE soportado non recuperable polo promotor, de ser o caso.

Naqueles casos en que exista un recoñecemento administrativo previo do dereito ás exencións previstas no artigo 20, un, 6º e 12º, da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do im-



posto sobre o valor engadido, remitirase esa resolución administrativa ou calquera outra certificación ou documento da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) en que figure esa exención.

e) Documentación xustificativa de todos os custos incluídos (orzamentos, facturas *pro forma*, contratos, etc.) cunha información detallada e pormenorizada de cada un dos investimentos, equipos ou sistemas que os integran.

No caso de superarse a contía para contratos menores e presentarse tres orzamentos, as ofertas presentadas deberán incluír os mesmos elementos para ser comparables.

Exceptúase desta obriga a recollida de lixo mariño por parte das embarcacións pesqueiras e persoas mariscadoras a pé, cuxa compensación xa está previamente determinada, así como os custos indirectos.

f) Calquera outra documentación que sexa necesaria ou adecuada para a correcta valoración do proxecto presentado.

2. No caso da pesca activa de lixo, declaración responsable de cada unha das persoas armadoras das embarcacións pesqueiras e das persoas mariscadoras a pé conforme non se encontran en ningún dos supostos establecidos no número 1 do artigo 10 do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, de acordo co anexo III-A ou anexo III-B, segundo corresponda.

3. No caso de solicitudes formuladas conxuntamente, deberá incluírse a documentación das letras a), b) e f) do número 1 por cada un dos solicitantes, e engadirase:

1º. Un acordo de nomeamento do representante ou apoderado único para os efectos da subvención, asinado polos representantes de todas as entidades solicitantes.

2º. A distribución dos compromisos que corresponda executar a cada un dos solicitantes, así como o importe da subvención solicitada para cada un deles.

3º. Declaración responsable de cada unha das persoas, de acordo co anexo IV.

4. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que



órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderáselle solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

5. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

6. Sempre que se realice a presentación dos documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

7. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 15. *Comprobación de datos*

1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) NIF da entidade solicitante e/ou da entidade representante.



- b) DNI ou NIE do representante da entidade solicitante.
- c) Certificado de estar ao día nas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).
- d) Certificado de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social.
- e) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- f) Concesións doutras subvencións e axudas.
- g) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Artigo 16. *Emenda da solicitude*

1. Os órganos responsables da tramitación das solicitudes comprobarán que estas reúnen todos os requisitos recollidos nesta orde. No caso contrario poráselles de manifesto por escrito aos interesados para que nun prazo de dez (10) días hábiles remitan cantos datos, documentos complementarios e aclaracións se consideren necesarios para poder resolver o expediente, coa indicación de que, se así non o fixeren, se considerará que desistiron da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas polo órgano instrutor, de conformidade co disposto nos artigos 5.2.c) e 15 desta orde, resulta que o solicitante non está ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e sociais ou das débedas coa Comunidade Autónoma.



2. Sen prexuízo do sinalado nos parágrafos precedentes, en calquera momento do procedemento o servizo xestor poderá requirir a entidade solicitante para que remita aqueles datos ou documentos complementarios que resulten necesarios para a tramitación e adopción da resolución que proceda.

Artigo 17. *Órganos de xestión e resolución*

1. O órgano encargado da ordenación e instrución do procedemento será o Servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca, que realizará de oficio cantas actuacións coide necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular a proposta de resolución.

O órgano instrutor emitirá informe sobre o cumprimento dos requisitos da convocatoria, incluíndo a viabilidade técnica e económica do proxecto.

2. Os proxectos considerados non viables técnica ou economicamente quedarán excluídos para obter financiamento a través desta orde de axudas e non procederá, polo tanto, a súa valoración.

3. Os expedientes que non cumpran coas exigencias destas bases ou da normativa de aplicación quedarán á disposición do órgano instrutor, que formulará a proposta de resolución desestimatoria ou de inadmisión, segundo o caso.

4. A resolución das solicitudes correspóndelle á persoa titular da Consellería do Mar.

Artigo 18. *Comisión de Avaliación*

1. Unha vez completos os expedientes, serán remitidos a unha Comisión de Avaliación constituída na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, que os examinará e valorará logo de aplicar os criterios que se sinalan nos dous artigos seguintes. O resultado da avaliación reflectirase nun informe, que se incorporará ao expediente.

2. A Comisión de Avaliación estará formada polos seguinte membros:

a) Presidente/a, que será a persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

b) Vogais: dúas persoas do cadro de persoal da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e dúas persoas pertencentes ao cadro de persoal das xefaturas territoriais.



Unha das persoas vogais da comisión actuará como secretario/a.

A comisión poderá actuar asistida polos asesores que xulgue conveniente.

3. O funcionamento desta comisión está sometido ás normas dos órganos colexiados recollidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (artigos 14 a 22).

4. A Comisión de Avaliación poderá limitar a contía dos gastos elixibles que considere non xustificadas debidamente no proxecto, tanto en canto ao seu número como á súa valoración ou á súa necesidade.

5. No caso de presentarse varios proxectos para accións substancialmente idénticas, a Comisión de Avaliación poderá establecer unha contía de subvención para todas elas, independentemente do importe solicitado.

Artigo 19. *Criterio de selección xeral*

1. Inicialmente comprobarase o criterio de selección xeral, é dicir, que as operacións van dirixidas ao logro dos obxectivos definidos no Programa operativo para España do FEMP. Para isto valoraranse os seguintes indicadores, clasificando os proxectos en función do grao de axuste ao programa operativo en alto, medio, baixo ou excluído:

a) Indicador de valoración sobre a adecuación do proxecto á análise DAFO da prioridade 1 do PO do FEMP, así como á estratexia e, en particular, ao cumprimento dos fins do obxectivo específico OE1.d) previsto para as medidas recollidas no número 3.3 do PO <Medidas pertinentes e indicadores de produtividade> (artigo 40.1.a)- puntuación ata 6 puntos: DAFO de 0 a 2 puntos; estratexia de 0 a 2 puntos; medidas pertinentes de 0 a 2 puntos).

b) Indicador de valoración sobre a implicación do proxecto noutras prioridades, obxectivos específicos, así como noutros plans estratéxicos (puntuación ata 5 puntos).

2. Ponderación da valoración conxunta: os indicadores a) e b) terán, respectivamente, o 66,66 % e o 33,33 % do peso total da valoración; os proxectos cualificaranse en función da porcentaxe obtida da puntuación máxima posible en: alto: ≥ 75 %-medio: ≥ 25 % e < 75 %-baixo: ≥ 10 % e < 25 %.



Os proxectos que non alcancen o 10 % da dita puntuación máxima posible, quedarán excluídos para obter financiamento a través desta orde de axudas e non procederá, polo tanto, a súa valoración específica.

3. Fórmulas para o cálculo dos indicadores:

Indicador a)

$$V_a = (P_o a \times P_{max} / P_{max} a) \times 2,70$$

Indicador b)

$$V_b = (P_o b \times P_{max} / P_{max} b)$$

Onde,

V_a e V_b é o valor do indicador a) e b), respectivamente.

$P_o a$ e $P_o b$ é a puntuación obtida da operación subvencionable do indicador a) e b), respectivamente.

$P_{max} a$ e $P_{max} b$ é a puntuación máxima do indicador a) e b), respectivamente.

P_{max} é a puntuación maior entre $P_{max} a$ e $P_{max} b$.

No caso do indicador a), multiplícase por 2,70 para ter en conta a ponderación deste indicador ao 66,66 %.

Artigo 20. *Criterios de selección específicos*

1. Unha vez aplicado o criterio xeral, a comisión valorará os proxectos segundo os criterios de selección específicos relativos á viabilidade técnica do proxecto, que servirán de base para determinar a prelación das solicitudes.

a) Criterios ambientais:

1º. Actuación en áreas protexidas ou en hábitats costeiros de importancia para a pesca ou marisqueo. Máximo de 5 puntos.



2º. Xustificación da necesidade ambiental do proxecto. Valoraranse as operacións en zonas onde existe un coñecemento probado da existencia de residuos. Máximo de 3 puntos.

b) Viabilidade técnica do proxecto:

1º. Calidade técnica do proxecto. Máximo de 3 puntos.

2º. Descrición completa e coherente do proxecto e as accións. Máximo de 3 puntos.

3º. Valoración da adecuación do orzamento. Máximo de 2 puntos.

c) Criterio de eficiencia:

Grao de actuación conxunta co resto de fases que completan o ciclo de recollida e xestión de residuos: máximo de 4 puntos.

2. A Comisión de Avaliación:

a) Poderá propor a non concesión ou minoración da axuda cando o custo proposto polo solicitante dos gastos subvencionables sexa superior ao valor de mercado.

b) Poderá establecer, á vista das solicitudes presentadas, límites máximos de investimento subvencionable, independentemente do importe solicitado.

c) Poderá limitar a contía dos gastos elixibles que se consideren que non están xustificadas debidamente no proxecto, tanto en canto ao seu número como á súa valoración económica.

d) No caso de empate na avaliación, a comisión aplicará como criterio de desempate o valor da puntuación outorgada nos criterios de selección específicos segundo a orde establecida.

Artigo 21. *Proposta de resolución*

1. Logo de deliberación, o/a presidente/a da Comisión de Avaliación formularalle ao órgano concedente proposta de resolución que indicará de xeito individualizado os beneficiarios, os proxectos seleccionados e as accións para as cales se propón a subvención, así como o importe da subvención proposta para cada unha delas.



No caso de que exista crédito suficiente na orde para atender todas as solicitudes da convocatoria, non será necesario realizar a valoración dos criterios de selección específicos.

2. Establecerase unha listaxe de reserva con aquelas solicitudes que, reunindo os requisitos establecidos na orde de convocatoria e sendo consideradas viables pola comisión, non acadasen a puntuación necesaria para seren seleccionadas por falta de crédito ou porque coa súa concesión se supere o límite de financiamento establecido no Plan financeiro do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca da Comunidade Autónoma de Galicia para a prioridade 1, medida 1.1.4. No caso de dispoñibilidades orzamentarias adicionais, de conformidade co disposto no artigo 12.3 desta orde, emitirase unha nova proposta na cal se terán en conta as solicitudes da listaxe de reserva.

Artigo 22. *Resolución*

1. Á vista da proposta de resolución e logo da preceptiva fiscalización do gasto, o órgano competente emitirá resolución motivada pola que se outorguen ou se deneguen as subvencións solicitadas.

2. A resolución de concesión emitirase e notificaráselles aos interesados no prazo máximo de cinco (5) meses desde a publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 23. *Aceptación*

No prazo de dez (10) días desde a notificación da resolución, os interesados deberán comunicar a aceptación ou rexeitamento da subvención nas condicións expresadas nela, conforme o anexo V. De non facelo, entenderase tacitamente aceptada. Por outro lado, a aceptación da axuda implica a aceptación da súa inclusión como beneficiarios na lista de operacións publicada de conformidade co artigo 119, número 2, do citado Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao FEMP.

Artigo 24. *Recursos*

1. As resolucións, expresas ou presuntas, que se diten ao abeiro desta orde, porán fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira do Mar, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se



produza o acto presunto, segundo sexa o caso, ou recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou de seis (6) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo o caso.

2. Contra estas bases reguladoras, cuxa aprobación pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Así mesmo, tamén se poderá interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente desta xurisdición, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Sen prexuízo do anterior, as persoas interesadas poderán exercer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Artigo 25. *Modificación da resolución e prórrogas*

1. Calquera modificación que se pretenda realizar nos investimentos inicialmente previstos, tanto no referente ao orzamento como ás distintas partidas que o compoñen, ou calquera outro aspecto que afecte un aspecto substancial da resolución de concesión, requirirán a aceptación expresa do órgano concedente, e deberá ser posta en coñecemento deste, sempre con anterioridade á súa realización.

2. Poderase acordar a modificación da resolución de concesión por instancia do interesado, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade ou modificación proposta estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras e da convocatoria oportuna.

b) Que a modificación non cause prexuízos a terceiros.

c) Que os novos elementos ou circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención ou a non selección do proxecto na concesión inicial.

d) Que a modificación non supoña un incremento do orzamento ou da porcentaxe de axuda.

As modificacións deberán ser solicitadas polo beneficiario, por escrito, con anterioridade á súa realización, e con antelación suficiente á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pes-



queiro. O servizo xestor da medida, logo das comprobacións pertinentes, elevará proposta de modificación da resolución ao órgano concedente.

3. Non se admitirán nin se aprobarán modificacións que supoñan unha execución total inferior ao 50 % do investimento subvencionado.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais e internacionais, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

5. No suposto de que o beneficiario considere que non pode rematar o proxecto ou cumprir os compromisos dentro do prazo sinalado na resolución de concesión da axuda poderá, ata un mes antes de finalizar o prazo de execución e xustificación, solicitar unha prórroga presentando unha memoria onde se indique a situación actual do proxecto, o grao de realización da actividade subvencionada, as causas do atraso na execución e o novo cronograma de actuación.

No caso de que a prórroga sexa aprobada, non poderá exceder a metade do tempo inicialmente concedido. Para o cómputo do prazo de execución, terase por data de inicio da execución a data de solicitude.

6. Cando os cambios no expediente supoñan unha variación da distribución por anualidades recollida na resolución inicial, a modificación quedará supeditada á existencia de dispoñibilidade orzamentaria nas anualidades correspondentes.

Artigo 26. *Xustificación*

1. Con carácter xeral, agás que a resolución fixe outro prazo, os gastos correspondentes deberán executarse e xustificarse antes do 15 de outubro de cada ano.

2. Para o cobramento da subvención concedida, as entidades beneficiarias deberán presentar a documentación que se sinala a seguir e indicarán o número de expediente da resolución de concesión da subvención, dentro do prazo establecido no parágrafo anterior:

a) Xustificación de ter realizado as accións para as cales se concedeu a subvención, mediante os seguintes documentos:

1º. Informe técnico no cal se describa a realización das accións e os datos e incidencias máis significativos na súa execución, asinado polo representante legal. A información presentarse diferenciada por liña de actuación e tipoloxías dela.



Para elaborar o informe cubrirase o modelo que figura na páxina web da Consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/>).

No caso da pesca activa de residuos, o informe xuntará, de ser o caso, o estudo previo de localización das zonas de acumulación, e incluírá as enquisas realizadas, os resultados das mostraxes, reportaxes fotográficos, vídeos, etc.

No caso de pesca activa e pasiva de residuos, o informe incluírá, entre outra, a seguinte información:

i. Reportaxe fotográfica ou vídeos dos traballos e zonas de recollida de residuos.

ii. Zonas de recollida de residuos (incluíndo localización e coordenadas) e caracterización xeral, datas, relación de embarcacións ou persoas participantes/data no caso da pesca activa, número de embarcacións e persoas participantes/data no caso da pesca pasiva, cantidade (en quilogramos) de residuos retirados por gran categoría de lixo. Esta información presentará diferenciando por pesca activa ou pasiva e, dentro destas, segundo se trate de zona intermareal ou submareal, e neste último caso en función de se a recollida é de lixo mariño ou artes de pesca perdidas.

iii. Descrición dos protocolos de traballo das actividades de recollida, clasificación, transporte, almacenamento, caracterización e reciclaxe (de ser o caso). Localización do equipamento situado nas zonas de acumulación ou depósito en terra. Descrición da xestión de residuos e destino final destes, con especificación das cantidades por categoría grande de residuos.

No caso de pagamento final, proporcionarase información sobre os indicadores de resultados conforme o previsto no Regulamento de execución (UE) nº 1242/2014 e Regulamento de execución (UE) nº 1243/2014.

2º. Relación de custos individualizados por cada actuación, con e sen IVE, asinada polo representante legal, que incluírá polo menos: concepto facturado e entidade que factura; número de factura, data da factura, data de pagamento e importe xustificable subvencionable. No caso da pesca de lixo activa, a relación de custos incluírá para cada día de realización da actividade, a data concreta, a zona de recollida, o número de embarcacións e persoas mariscadoras participantes (por separado) e o importe global da compensación/día.



No caso de adquisición de equipamento, a relación incluírá a marca, o modelo e o número de serie ou referencia equivalente para a súa identificación. A factura correspondente deberá identificar estes datos. Inclúranse reportaxe fotográfica dos equipos e acreditarase o cumprimento das obrigas de publicidade.

3º. No caso da pesca activa de lixo, certificado da entidade beneficiaria con identificación, para cada data de recollida de residuos, dos participantes (identificación por separado de embarcacións ou persoas mariscadoras a pé), a zona de recollida e o tempo empregado nos traballos/participante.

Xuntaranse os rexistros individuais asinados polos participantes nos labores de recollida de residuos, das artes de pesca retiradas, cantidades (en quilogramos), tipo de residuo, tempo empregado, etc. Cubriranse os modelos de rexistro por tipoloxía de actuación que figuran na páxina web da Consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/>).

4º. Na xustificación da realización de estudos, guías, folletos, etc., o promotor entregará un exemplar en soporte informático adecuado para posibilitar a súa difusión. A documentación acreditará, así mesmo, o cumprimento das obrigas de publicidade.

No caso de realización de accións formativas ou de aprendizaxe, presentarase unha relación destas. Para cada acción, achegarase unha copia do programa, un informe final sobre o desenvolvemento da acción, a listaxe de asistentes e as evidencias de participación deles (sinaturas, fotografías, notas de prensa, etc.). A documentación acreditará, así mesmo, o cumprimento das obrigas de publicidade.

5º. Facturas correspondentes aos custos que correspondan, sinalados na relación do punto 2º, detalladas ao máximo posible e, polo menos, co mesmo nivel de desagregación dos investimentos que figuren na resolución de outorgamento da axuda.

No caso de xestión de residuos, identificaranse as datas e cantidades de residuos sometidas a tratamento.

6º. Xustificante bancario (transferencia bancaria ou certificación bancaria) en que conste o número da factura obxecto de pagamento, o titular da conta desde a cal se realiza a operación, que deberá coincidir co beneficiario da axuda, e a identificación do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa ou empresa que emitiu a factura.



A data dos xustificantes de gasto e do pagamento debe ser posterior á data da solicitude de axuda e terá, como límite para a súa validez e admisión o último día do prazo de execución e xustificación previsto no número 1 deste artigo.

7º. No caso de gastos de persoal contratado exclusivamente para o desenvolvemento do proxecto:

i. Contrato de traballo asinado pola persoa traballadora e a entidade, que fará mención expresa ao proxecto.

ii. Documentos xustificativos do pagamento das cargas sociais: modelo TC1 e TC2 da Seguridade Social.

iii. Folla de gastos coa acreditación dos pagamentos correspondentes a axudas de custos por viaxe, aloxamento e manutención, con indicación de: data, horario, itinerario, km, persoa e motivo do desprazamento.

iv. Documentos probatorios do pagamento do IRPF.

8º. Unha declaración responsable, asinada polo representante legal da entidade, dos custos indirectos asumidos no período en que se realiza a actividade e que foron necesarios para levala a cabo, detallando os conceptos e importes destinados a cada un deles.

b) No caso de proxectos solicitados conxuntamente por varias entidades, documento formalizado ante o órgano de xestión en que se recolla a ratificación dos compromisos que correspondan a cada un deles, así como nomeamento de apoderado único.

c) No caso de opoñerse á súa consulta polo órgano xestor: certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega.

d) De ser o caso, autorizacións ou permisos para o tipo de actividade de que se trate. Os beneficiarios deberán estar en posesión das autorizacións ou permisos no momento do pagamento final da axuda, nos casos en que sexan necesarios para a execución do proxecto.

3. No caso de que as accións obxecto de subvención correspondan ao último trimestre do exercicio e supoñan gastos de persoal, obrigas tributarias e de Seguridade Social. Se estes gastos son de tal natureza que non se poidan facer efectivos na data límite de xustificación, poderanse xustificar no primeiro trimestre do exercicio seguinte.



4. No momento da xustificación da execución parcial e total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para o mesmo proxecto, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, así como unha declaración responsable de que se manteñen os requisitos para ser beneficiario, conforme o anexo VI.

5. Os servizos correspondentes da Consellería do Mar emitirán certificado sobre o grao de realización do investimento, así como da súa adecuación tanto ao proxecto que serviu de base para o outorgamento da axuda como aos xustificantes de gasto presentados.

6. Transcorrido o prazo establecido na resolución de concesión da axuda para a xustificación dos investimentos sen se ter presentado esta, requirirase o beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comporta a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades que derivan da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 27. *Pagamento e pagamentos parciais*

1. A Consellería do Mar efectuará o pagamento das axudas unha vez xustificada de forma documental e material a realización do obxecto da subvención e a elixibilidade do gasto. O importe da axuda aboaráselle mediante transferencia bancaria ao beneficiario e na contía que corresponda segundo o proxecto executado.

2. Poderán presentarse xustificacións parciais a medida que se vaian executando as accións subvencionadas. O importe conxunto dos pagamentos parciais e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen, non poderá superar o 80 % do total da subvención concedida nin superar o importe da correspondente anualidade, e quedarán condicionados á efectiva realización completa do proxecto e á liquidación definitiva da subvención.

Os pagamentos parciais están suxeitos á prestación de garantía nos termos sinalados no artigo 29. Non se considerará que un pagamento é parcial cando comprenda a totalidade da subvención correspondente a unha fase do proxecto susceptible de producir efectos independentes, sempre que así se recolla expresamente na resolución de concesión.

3. O pagamento da primeira e sucesivas anualidades terá carácter de ingreso á conta e a súa consolidación estará condicionada á finalización das actividades obxecto da axuda.



No caso de que o solicitante non cumprise cos requisitos exixidos, estará obrigado ao reintegro da axuda nos termos previstos nos artigos 32 a 40 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. No caso de que o investimento sexa xustificado por menor contía que o considerado como subvencionable inicialmente, poderase minorar a axuda na mesma proporción, sempre que esta minoración non afecte aspectos fundamentais do proxecto e non supoña unha realización deficiente deste.

No suposto de que o custo definitivo real do investimento for inferior ao orzamento considerado para o outorgamento da axuda, esta minorarase proporcionalmente, aplicando a porcentaxe da axuda deducida sobre a nova base constituída polo custo final do investimento.

5. Se o beneficiario xustifica conceptos, partidas e/ou elementos subvencionables aprobados que representen menos do 50 % do importe total do investimento subvencionado, entenderase que non acadou os obxectivos propostos na solicitude e, polo tanto, realizarase o reintegro das cantidades que se abonasen, ou perderase o dereito de cobramento da subvención, de ser o caso.

Artigo 28. *Pagamento anticipado*

Mediante resolución motivada do órgano concedente, e logo de solicitude dos interesados, poderá autorizarse un anticipo de ata un 50 % da subvención prevista para a anualidade daqueles casos en que o investimento exixa pagamentos inmediatos. Os pagamentos anticipados están suxeitos á prestación de garantía nos termos sinalados no artigo 29.

Artigo 29. *Garantías*

1. Será obrigatoria a prestación de garantías para a expedición de anticipos ou pagamentos á conta, de acordo cos artigos 65 e seguintes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes casos:

- a) Anticipos que superen o importe de 18.000 euros.
- b) Pagamentos parciais que excedan os 18.000 euros.

Estes importes anteriores enténdense referidos á cantidade acumulada dos pagamentos realizados, parcial e/ou anticipadamente.



2. A garantía constituirase mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, que se depositará na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e deberá acadar como mínimo ata os dous meses seguintes ao remate do prazo de xustificación da axuda.

3. A garantía deberá cubrir o 110 % do importe das cantidades aboadas á conta ou das cantidades anticipadas, calquera que fose o prazo de xustificación previsto na convocatoria.

4. As garantías serán liberadas logo de que se comprobe a realización do proxecto ou das accións independentes que o compoñan.

Artigo 30. *Reintegro*

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, da subvención concedida e dos xuros de mora correspondentes desde o momento do seu pagamento e ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. De conformidade co artigo 14.1.n) da citada Lei 9/2007, o importe que se deberá reintegrar determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación de posibles incumprimentos das condicións impostas co motivo da concesión das subvencións:

a) Procederá o reintegro total da axuda concedida e dos xuros de mora que se teña dereito a percibir desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, no caso de incumprir a obriga indicada no artigo 5.2.d) de comunicar a obtención doutras axudas, no caso de que sexan incompatibles.

b) O incumprimento da obriga establecida no artigo 5.2.d) de comunicar a obtención doutras axudas, no caso de que estas fosen compatibles, dará lugar ao reintegro parcial polo exceso de financiamento, xunto cos xuros de demora, conforme o establecido no artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) O incumprimento das obrigas en materia de publicidade establecidas no artigo 5.2.g) dará lugar a un reintegro parcial do 2 % da axuda concedida.

d) O incumprimento do mantemento dun sistema de contabilidade separado ou unha codificación contable axeitada, segundo o establecido no artigo 5.2.h), dará lugar ao reintegro parcial do 2 % da axuda concedida.



3. Para o procedemento de reintegro terase en conta o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Artigo 31. *Infraccións e sancións*

As actuacións dos beneficiarios en relación coas axudas obxecto desta orde están sometidas ao réxime de infraccións e sancións do título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 32. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 33. *Publicidade*

Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as subvencións concedidas con suxeición a esta orde, con indicación do programa e o crédito orzamentario a que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

Así mesmo, será igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería do Mar (<https://www.xunta.gal/mar>) a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberase transmitir á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta e o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 34. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 35. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a lles subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.



Artigo 36. Pluralidade de persoas solicitantes

As pretensións dunha pluralidade de persoas de contido e fundamento idéntico ou substancialmente similar poderán formularse nunha única solicitude. Neste suposto, deberá constar na solicitude a listaxe completa de persoas interesadas que a formulan segundo o modelo específico dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. As actuacións efectuaranse co representante ou coa persoa interesada que expresamente sinalen e, na súa falta, coa que figure en primeiro termo.

Artigo 37. Servizo Nacional de Coordinación Antifraude

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude na Intervención Xeral da Administración do Estado, mediante os medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto polo dito servizo no enderezo web <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>, e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 3 de abril, que se pode consultar no enderezo web <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/ComunicacionSNCA06-04-2017Canaldenuncias.pdf>

Disposición adicional primeira. Comisión de Avaliación

A creación da Comisión de Avaliación non xerará incremento da consignación orzamentaria do órgano con competencias en materia de desenvolvemento pesqueiro.

Disposición adicional segunda. Desenvolvemento da orde

Facúltase a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Disposición derradeira

Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2021

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA
DO MAR**

ANEXO I

PROCEDIMENTO AXUDAS AUTONÓMICAS A PROXECTOS COLECTIVOS PARA A PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE MEDIANTE A RECOLLIDA DE RESIDUOS MARIÑOS	CÓDIGO DE PROCEDIMENTO PE209F	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL							NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaanse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN <input type="text"/>

IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO	
DENOMINACIÓN DO PROXECTO	IMPORTE SOLICITADO
<i>Actuación cofinanciada nun 75 % polo FEMP (P1, O.E.1.d) medida 1.4.9)</i>	

A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA:	
1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas: <input type="radio"/> Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención. <input type="radio"/> Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:	
ORGANISMO	IMPORTE
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. 3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. 4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. 5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.	

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: xu3kypo4-xs21-ibj2-kv21-8ue9z2lj6ya2


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA
DO MAR**
**ANEXO I
(continuación)**
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA (continuación):

6. Que non se encontra en ningún dos supostos establecidos no artigo 10 do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, é dicir:
 - a. Non ter cometido infracción grave consonte o artigo 42 do Regulamento (CE) nº 1005/2008 ou o artigo 90.1 do Regulamento (CE) nº 1224/2009.
 - b. Non ter estado involucrada na explotación, xestión ou propiedade de buques pesqueiros incluídos na lista de buques INDR da Unión recollida no artigo 40.3 do Regulamento (CE) nº 1005/2008 ou de buques que enarboren o pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes segundo se establece no seu artigo 33.
 - c. Non ter cometido infraccións graves da política pesqueira común (PPC).
 - d. Non ter cometido fraude no marco do Fondo Europeo da Pesca (FEP) ou do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).
7. Non ter sido sancionada coa imposibilidade de obter préstamos, subvencións ou axudas públicas, de acordo co previsto no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, e do título XIV da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.
8. Que os investimentos non foron iniciados, agás os estudos previos de localización de zonas de acumulación de lixo no caso da pesca activa, recollidos no artigo 6.2.1, de ser o caso.
9. Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir co proxecto.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

<input type="checkbox"/>	Certificado do órgano competente en que se acredite o desempeño actual do cargo e se especifique o acordo polo que se lle concede autorización para formalizar a solicitude. Se actuase en virtude de atribucións fixadas nos estatutos, indícarase así na solicitude citando a disposición que recolle a competencia Atribución fixada no estatuto: <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON Disposición: <input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	Memoria do proxecto
<input type="checkbox"/>	Acreditación do IVE soportado non recuperable polo promotor, de ser o caso
<input type="checkbox"/>	Documentación xustificativa dos custos (orxamentos, facturas <i>pro forma</i> , contratos, etc.)
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable de cada unha das persoas armadoras das embarcacións pesqueiras de acordo co anexo III-A
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable de cada unha das persoas mariscadoras a pé de acordo co anexo III-B
<input type="checkbox"/>	Outra documentación necesaria para a correcta valoración do proxecto presentado
	ÓRGANO CÓD. DE PROC. ANO
<input type="checkbox"/>	Copia dos estatutos da entidade debidamente inscritos no rexistro correspondente
EN CASO DE SOLICITUDES CONXUNTAS, ADEMAIS:	
<input type="checkbox"/>	Acordo de nomeamento do representante ou apoderado único para os efectos da subvención
<input type="checkbox"/>	Distribución dos compromisos que lle corresponda executar a cada un dos solicitantes, así como o importe da subvención solicitada para cada un deles
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable de cada unha das persoas, de acordo co anexo IV

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións doutras subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA
DO MAR**
**ANEXO I
(continuación)**
INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Mar.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo intermedios dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos segundo o disposto nos artigos 125, número 2, artigo 140, números 3 a 5, e anexo XIII, número 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 22 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2022 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades pesqueiras sustentables mediante a recollida de residuos mariños, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE209F).


SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar y data

 , de de


Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro


 Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMP)

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO II
Frota de Caladoiro nacional artes menores
Compensacións diarias para pesca activa (€)

Zona	0-4,99 GT	5-9,99 GT	10-24,99 GT	25-100 GT
Zona I-Vigo	227,48	449,39	982,69	2.324,80
Zona II-Pontevedra	267,55	438,95	474,90	669,77
Zona III-Arousa	187,55	542,66	747,65	691,20
Zona IV-Muros	321,86	542,80	977,90	702,04
Zona V-Fisterra	321,78	443,48	636,96	1.088,05
Zona VI-Costa da Morte	251,96	599,81	798,78	1.171,17
Zona VII-Coruña-Ferrol	210,84	424,65	771,35	
Zona VIII-Cedeira	324,02	525,27	562,58	
Zona IX-Mariña	345,89	508,97	874,10	2.135,59

Persoas mariscadoras a pé de marisqueo xeral

Zona	Compensacións diarias para pesca activa (€)
Zona I-Vigo	88,41
Zona II-Pontevedra	102,32
Zona III-Arousa	85,84
Zona IV-Muros	126,87
Zona V-Fisterra	97,57
Zona VI-Costa da Morte	131,02
Zona VII-Coruña-Ferrol	66,73
Zona VIII-Cedeira	70,20
Zona IX-Mariña	99,76

Persoas mariscadoras a pé de percebe

Zona	Compensacións diarias para pesca activa (€)
Zona I-Vigo	134,65
Zona III-Arousa	127,52
Zona IV-Muros	123,69
Zona V-Fisterra	91,52
Zona VI-Costa da Morte	101,27
Zona VII-Coruña-Ferrol	102,59
Zona IX-Mariña	162,82




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA
DO MAR**

ANEXO III-A

DECLARACIÓN CONFORME A PERSOA ARMADORA DE EMBARCACIÓN PESQUEIRA NON SE ENCONTRA EN NINGÚN DOS SUPPOSTOS ESTABLECIDOS NO PUNTO 1 DO ARTIGO 10 DO REGULAMENTO (UE) Nº 508/2014 PE209F-AXUDAS AUTONÓMICAS A PROXECTOS COLECTIVOS PARA A PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE MEDIANTE A RECOLLIDA DE RESIDUOS MARIÑOS (PESCA ACTIVA)

DATOS DA PERSOA ARMADORA

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DATOS DO PROXECTO COLECTIVO PARA O CAL SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

CÓDIGO DE EXPEDIENTE DENOMINACIÓN DO PROXECTO COLECTIVO

DATOS DA EMBARCACIÓN PESQUEIRA

NOME

MATRÍCULA

PORTO BASE

A PERSOA ARMADORA OU REPRESENTANTE DECLARA:

Que non se encontra en ningún dos supostos establecidos no artigo 10 do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, é dicir:

- Non ter cometido infracción grave consonte o artigo 42 do Regulamento (CE) nº 1005/2008 ou o artigo 90.1 do Regulamento (CE) nº 1224/2009.
- Non ter estado involucrada na explotación, xestión ou propiedade de buques pesqueiros incluídos na lista de buques INDR da Unión recollida no artigo 40.3 do Regulamento (CE) nº 1005/2008 ou de buques que enarboren o pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes segundo se establece no seu artigo 33.
- Non ter cometido infraccións graves da política pesqueira común (PPC).
- Non ter cometido fraude no marco do Fondo Europeo da Pesca (FEP) ou do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

 Non é armador de ningunha outra embarcación pesqueira.

 Si é armador doutras embarcacións, de pavillón español ou de terceiro país, que son as que se relacionan a seguir:

NOME	MATRÍCULA	PORTO BASE

 Non participa na explotación, xestión ou na propiedade de empresas do sector pesqueiro.

 Si participa na explotación, xestión ou na propiedade de empresas do sector pesqueiro (identificación das empresas en que participa):

 No caso de que fose sancionado ou condenado en firme por algunha das causas expostas nesta declaración, identificarase con copia da resolución sancionadora ou sentenza condenatoria.

 No caso de que unha vez recibida a axuda incorrese nalgunha das circunstancias recollidas anteriormente (art. 10 RFEMP), deberá comunicar este feito ao órgano xestor da axuda para proceder ao reintegro do importe correspondente desta cos xuros xerados ata ese momento por incumprimento do dito artigo 10, número 2.

SINATURA DA PERSOA ARMADORA OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de


Xacobeo 21:22

 Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMP)

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

CVE-DOG: xu3kypo4-xs21-ibj2-kv21-8ue9z2lj6ya2


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA
DO MAR**

ANEXO III-B

**DECLARACIÓN CONFORME A PERSOA MARISCADORA A PÉ NON SE ATOPA EN NINGÚN DOS SUPOSTOS ESTABLECIDOS
NO PUNTO 1 DO ARTIGO 10 DO REGULAMENTO (UE) Nº 508/2014**
PE209F-AXUDAS AUTONÓMICAS A PROXECTOS COLECTIVOS PARA A PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE
MEDIANTE A RECOLLIDA DE RESIDUOS MARIÑOS (PESCA ACTIVA)

DATOS DA PERSOA MARISCADORA A PÉ

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DO PROXECTO COLECTIVO PARA O CAL SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

CÓDIGO DE EXPEDIENTE	DENOMINACIÓN DO PROXECTO COLECTIVO
<input type="text"/>	<input type="text"/>


A PERSOA MARISCADORA A PÉ OU REPRESENTANTE DECLARA:

Que non se atopa en ningún dos supostos establecidos no artigo 10 do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, é dicir:

- Non ter cometido infracción grave consonte o artigo 42 do Regulamento (CE) nº 1005/2008 ou o artigo 90.1 do Regulamento (CE) nº 1224/2009.
- Non ter estado involucrada na explotación, xestión ou propiedade de buques pesqueiros incluídos na lista de buques INDR da Unión recollida no artigo 40.3 do Regulamento (CE) nº 1005/2008 ou de buques que enarboren o pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes segundo se establece no seu artigo 33.
- Non ter cometido infraccións graves da política pesqueira común (PPC).
- Non ter cometido fraude no marco do Fondo Europeo da Pesca (FEP) ou do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

SINATURA DA PERSOA MARISCADORA A PÉ OU REPRESENTANTE

Lugar e data , de de



Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMP)**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO IV

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
DECLARACIÓN RESPONSABLE

Para cubrir por cada socio do proxecto no caso de solicitudes formuladas conxuntamente PE209F-AXUDAS AUTONÓMICAS A PROXECTOS COLECTIVOS PARA A PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE MEDIANTE A RECOLLIDA DE RESIDUOS MARIÑOS

DATOS DA PERSOA SOCIA DO PROXECTO							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO PARA O CAL SE SOLICITA A SUBVENCIÓN
NOME
<input type="text"/>

A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA:	
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:	
<input type="radio"/> Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.	
<input type="radio"/> Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:	
ORGANISMO	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se presentan son certos.

E QUE A ENTIDADE QUE REPRESENTA:

- Non se atopa en ningún dos supostos establecidos no artigo 10 do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, é dicir:
 - Non ter cometido infracción grave consono o artigo 42 do Regulamento (CE) nº 1005/2008 ou o artigo 90.1 do Regulamento (CE) nº 1224/2009.
 - Non ter estado involucrada na explotación, xestión ou propiedade de buques pesqueiros incluídos na lista de buques INDR da Unión recollida no artigo 40.3 do Regulamento (CE) nº 1005/2008 ou de buques que enarboren o pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes segundo se establece no seu artigo 33.
 - Non ter cometido infraccións graves da política pesqueira común (PPC).
 - Non ter cometido fraude no marco do Fondo Europeo da Pesca (FEP) ou do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).
- Non ter sido sancionada coa imposibilidade de obter préstamos, subvencións ou axudas públicas, de acordo co previsto no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, e do título XIV da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.
- Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que os investimentos non foron iniciados, agás os estudos previos de localización de zonas de acumulación de lixo no caso da pesca activa, recollidos no artigo 6.2.1, de ser o caso.
- Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir co proxecto.



**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA
DO MAR****ANEXO IV
(continuación)****A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA (continuación):**

Autorizo a Consellería do Mar para consultar calquera medio ou rexistro dispoñible para asegurarse da veracidade das declaracións anteriores. Esta autorización estenderase, se for o caso, ata os 5 anos seguintes ao pagamento final da axuda.

7. Que se compromete a comunicar tan axiña como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada os fondos percibidos, a obtención para a mesma finalidade ou para as actuacións obxecto da axuda de fondos procedentes de calquera outra entidade pública ou privada, nacional ou internacional.
8. Que non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario das axudas, nos termos previstos nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
9. Que non se encontra en ningún dos supostos establecidos no artigo 10 do Regulamento (UE) n° 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014.
10. Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvención, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

SINATURA DA PERSOA SOCIA DO PROXECTO OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de **Xacobeo 21-22**Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMP)

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

CVE-DOG: xu3kypo4-xs21-ibj2-kv21-8ue9z2lj6ya2

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA
DO MAR**

ANEXO V

MODELO DE ACEPTACIÓN OU RENUNCIAPE209F-AXUDAS AUTONÓMICAS A PROXECTOS COLECTIVOS PARA A PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE
MEDIANTE A RECOLLIDA DE RESIDUOS MARIÑOS**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DATOS DO PROXECTO COLECTIVO

CÓDIGO DE EXPEDIENTE DENOMINACIÓN DO PROXECTO

MANIFESTA:

Que recibín a notificación co texto integro da resolución de concesión de axuda ao abeiro da orde de bases xerais e convocatoria para 2022.

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

- Que acepto a axuda nos termos e condicións sinalados na resolución e comprométome a cumprir todas as obrigas exixidas aos beneficiarios na orde de bases reguladoras xerais e de convocatoria e demais normas de aplicación.
- Que rexeito a axuda.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de **Xacobeo 21-22**Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMP)

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA
DO MAR**

ANEXO VI

**DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS E DE MANTEMENTO DOS REQUISITOS PARA SER BENEFICIARIO
PE209F-AXUDAS AUTONÓMICAS A PROXECTOS COLECTIVOS PARA A PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE
MEDIANTE A RECOLLIDA DE RESIDUOS MARIÑOS****DATOS DA ENTIDADE DECLARANTE**

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DATOS DO PROXECTO COLECTIVO PARA O CAL SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

CÓDIGO DE EXPEDIENTE DENOMINACIÓN DO PROXECTO COLECTIVO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que son certos os datos que abaixo figuran do financiamento do proxecto:

Axudas solicitadas:

- Non solicitou ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
 Si solicitou axuda para este mesmo proxecto.

TIPO DE AXUDA

IMPORTE

CONVOCATORIA NO DIARIO OFICIAL

DATA DE CONVOCATORIA

DATA DA SOLICITUDE

ENTIDADE Á CAL SE SOLICITA

Axudas concedidas:

- Non se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
 Si se lle concedeu axuda para este mesmo proxecto.

TIPO DE AXUDA

IMPORTE

CONVOCATORIA NO DIARIO OFICIAL

DATA DA CONVOCATORIA

DATA DA RESOLUCIÓN

ENTIDADE CONCEDENTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Mantén os requisitos para ser beneficiaria.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

**Xacobeo 21-22**Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMP)

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA
DO MAR**

ANEXO VII

COMUNICACIÓN DE XORNADAS DE PESCA ACTIVAPE209F-AXUDAS AUTONÓMICAS A PROXECTOS COLECTIVOS PARA A PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE
MEDIANTE A RECOLLIDA DE RESIDUOS MARIÑOS**DATOS DA ENTIDADE DECLARANTE**

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DATOS DO PROXECTO COLECTIVO PARA O CAL SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

CÓDIGO DE EXPEDIENTE DENOMINACIÓN DO PROXECTO COLECTIVO

HORARIO DE TRABALLO

ZONA


SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de



Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMP)**XUNTA
DE GALICIA**